



CADERNOS

DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO

Informe de sinistralidade laboral en Galicia no 2021

Cadernos do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia
Informe de sinistralidade laboral en Galicia no ano 2021
Abril de 2022

Elaboración: Secretaría de Saúde Laboral



**XUNTA
DE GALICIA**

ÍNDICE

PRESENTACIÓN	5
ACCIDENTES DE TRABAJO	9
1. Accidentes de traballo con baixa.....	11
1.1. Accidentes de traballo con baixa en xornada laboral	12
1.2. Accidentes mortais en xornada laboral.....	18
1.3. Accidentes de traballo <i>in itinere</i>	20
2. Accidentes sen baixa en xornada laboral.....	21
3. Accidentes de traballo por covid-19	21
ENFERMIDADES CAUSADAS POLO TRABAJO	23
1. Enfermidades causadas polo traballo	25
1.1. Enfermidades profesionais	25
1.1.1. Partes comunicados de enfermidades profesionais.....	26
1.1.2. Partes pechados como enfermidade profesional con baixa	30
1.1.3. Sistema de alertas	30
1.2. Patoloxías non traumáticas.....	31
CONCLUSIÓN	33

28 DE ABRIL 2022, DÍA MUNDIAL DA SEGURIDADE E A SAÚDE NO TRABALLO

A prevención no centro da recuperación. Facer da saúde laboral un dereito fundamental

Como é habitual no mes de abril, o Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia presenta o informe cos datos de sinistralidade do último ano e a comparativa cos do ano anterior, co fin de estudar a evolución da sinistralidade laboral e, na medida do posible, facer as achegas necesarias nos órganos en que estamos representados co obxectivo de mellorar estes datos.

Logo de dous anos de pandemia pola covid-19, púxose de manifesto que a saúde pública e a saúde laboral deben ir da man. Quedou patente que garantir as condicións de seguridade e saúde nos centros de traballo foi unha das claves para conter e controlar a transmisión de virus na sociedade.

É o momento de empezar a avaliar os efectos que, en termos de saúde, está tendo esta traxedia. Máis de once millóns de contaxios e por riba de 100 000 mortes en España, con case 600 000 contaxios e 3208 mortos en Galicia desde o inicio da pandemia son a demostración máis visible da dimensión do problema pero, conforme pasa o tempo, van aflorando outras cuestións que cómpre afrontar, como as derivadas dos casos de covid persistente, con consecuencias laborais para as persoas que a sofren e que esixen políticas de prevención e de seguridade social específicas que aínda non se están desenvolvendo. E están pendentes outras como que, no noso país, a covid-19 segue sen ser incluída na listaxe de enfermidades profesionais, o que fai que moitas persoas traballadoras queden desamparadas e sen a prestación que merecen.

Coa pandemia tamén saíu á palestra o grave problema de saúde mental na nosa sociedade. Os sindicatos xa viñamos denunciando con anterioridade como a precariedade e a deterioración das condicións de traballo están afectando a saúde da poboación traballadora. As patoloxías derivadas da exposición aos riscos psicosociais non se consideran enfermidade profesional e os trastornos mentais apenas se notifican como accidente de traballo. É imprescindible e urxente desenvolver lexislación específica e impulsar políticas públicas para afrontar este problema de primeira orde, no que os servizos públicos de saúde poden emitir diagnósticos de sospeita cando chegan ás súas consultas patoloxías susceptibles de ser de orixe profesional.

Os accidentes de traballo con baixa repuntan en España un 18 % respecto ao ano anterior, un 18,30 % en Galicia, tal como cabía esperar despois dun 2020 en que diminuíron un 22 %, e un 32 % en Galicia, pola freada da actividade produtiva co inicio da pandemia. Se ben a incidencia da sinistralidade se mantén en valores inferiores á etapa prepandemia, non é menos certo que segue estancada e non foi posible reducila na última década. Non nos podemos resignar a contabilizar máis de 1 300 000 accidentes de traballo e máis de 700 mortes ao ano en España, 26 000 accidentes e 48 mortes ao ano en Galicia. Custa moito dixerir que ano a ano se sigan producindo mortes por causas que facilmente se poden previr e evitar, como as caídas en altura, golpes ou atrapamentos. Neste momento en que a actividade parece relanzarse grazas, en parte, á posta en marcha dos proxectos asociados ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, moitos deles destinados a sectores con alta sinistralidade, é esencial que o proceso veña acompañado dun pulo decidido ás políticas públicas activas en materia de prevención de riscos laborais, así como dun aumento da actividade inspectora.

O subrexistro de enfermidades profesionais intensificouse durante o período de pandemia. Os escasísimos 9358 partes comunicados de baixa por enfermidade profesional no 2021, 755 en Galicia, retrotráennos a niveis de notificación do 2015. O procedemento de notificación e rexistro é absolutamente inoperante, priva as persoas traballadoras do recoñecemento da orixe laboral da súa enfermidade e do acceso ás prestacións a que teñen dereito, ademais de ter un impacto directo na prevención, porque o que non se rexistra non existe e, polo tanto, non se prevén. E, se nalgún tipo de patoloxías é especialmente escandalosa esta ineficacia é nos cancros de orixe laboral. No 2021 só se comunicaron 51 partes de enfermidade profesional por axentes canceríxenos, dos cales só 35 foron con baixa, un en Galicia. E iso cando as estimacións máis prudentes elevan a máis de 10 000 os casos anuais de cancro por exposicións laborais en España.

Capítulo á parte é a situación do amianto, un canceríxeno cuxo uso leva vinte anos prohibido e que seguirá causando enfermidade e morte mentres non se elabore unha estratexia estatal para a súa erradicación. A eliminación de amianto asociada aos proxectos de rehabilitación de edificios para a mellora da súa eficiencia enerxética é un bo primeiro paso, pero cómpren liñas específicas de financiamento para desterrar o amianto da historia do noso país. Debemos recordar que os poderes públicos españois teñen unha débeda coas persoas que enfermaron polo amianto en tempos en que, malia coñecer os seus efectos mortais, non se prohibiu o seu uso. Por iso, hai que aprobar o fondo de compensación das vítimas do amianto e dar cobertura ás exposicións laborais, familiares e ambientais, librándoos do calvario administrativo e xudicial ao que actualmente se ven sometidos para ver os seus danos indemnizados.

No que levamos de lexislatura, o Goberno e os axentes sociais acometemos políticas e cambios lexislativos para afrontar os desafíos da pandemia e da precarización do sistema de relacións laborais. Os erte, as subas de smi, a lei rider, a lei do traballo a distancia e, sobre todo, a reforma laboral supuxeron un xiro significativo nas políticas sociolaborais. A redución da temporalidade, que xa se apunta nos primeiros meses de vixencia da reforma laboral, será, sen dúbida, un vector de mellora dos indicadores de saúde e seguridade no traballo. É unha realidade que a precariedade laboral mata e déronse pasos importantes para acabar con ela, pero se non se impulsan políticas decididas en materia de prevención de riscos, se non se converte nunha das prioridades do Goberno de coalición, esas melloras poden verse anuladas.

Neste contexto, o Goberno debe abrir unha mesa de diálogo social para poñer o foco na prevención de riscos laborais e nas condicións de saúde e seguridade nos centros de traballo. Cómpre repensar o modelo de xestión preventiva nas empresas e fortalecer os organismos con competencias en materia de seguridade e saúde no traballo.

Son necesarios cambios lexislativos para interiorizar a prevención no seo das empresas, co fin de xestionala de maneira eficaz, así como reverter as normas que lle permitiron ao empresario asumir a prevención nas empresas de ata 25 persoas traballadoras, mellorar a calidade das actividades preventivas (tanto técnicas como de vixilancia da saúde), incorporar a perspectiva de xénero na prevención e abordar os riscos derivados das novas formas de organización do traballo (dixitalización, intelixencia artificial, teletraballo, traballo en plataformas), especialmente o seu impacto nos riscos psicosociais, así como os riscos derivados dos efectos que o cambio climático ten para a saúde das persoas traballadoras. Precísase ampliar os recursos humanos e materiais da Inspección de Traballo e dos organismos técnicos como o Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo, e unha Fiscalía que acometa con máis intensidade a súa acción nos delitos de risco e de dano á saúde das persoas traballadoras. Tampouco pode faltar a creación do delegado ou delegada de prevención territorial e/ou sectorial para todas aquelas empresas en que non dispoñen de representación sindical. Deben incorporarse ao ordenamento español directivas como as de canceríxenos ou de radiacións ionizantes, sen rebaixar os niveis de protección vixentes en España e sen incumprir os períodos máximos de transposición, como vén sucedendo. Hai que actualizar o cadro de enfermidades profesionais e cambiar o seu sistema de notificación por outro máis operativo.

Actualmente, estamos inmersos na negociación da futura Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo 2022-2027, na que os sindicatos temos como prioridade que se garantan ambientes laborais seguros e libres de riscos, co fin de conseguir o maior impacto posible na mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo e na redución da sinistralidade.

En definitiva, necesitamos poñer a prevención de riscos laborais no centro da recuperación e poñer as persoas no centro de todas as políticas. Porque a saúde é un dereito fundamental tamén no traballo.

Armando Iglesias Rodríguez
Secretaría de Saúde Laboral
Sindicato Nacional CCOO de Galicia

ACCIDENTES DE TRABAJO

1. ACCIDENTES DE TRABAJO CON BAIXA

Os accidentes de traballo poden derivar, ou non, nunha baixa laboral. Prodúcese durante a xornada laboral ou no traxecto de ida ou volta ao traballo; nestes casos denomínanse accidentes *in itinere* e tratámoslos por separado.

Para analizar a evolución dos accidentes de traballo con baixa en Galicia baseámonos nas estatísticas que ofrece o Ministerio de Traballo e Economía Social (MITES) e, sobre todo, nas publicadas polo Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA). Os datos manexados son os acumulados de xaneiro a decembro de 2021 e establécese unha comparativa cos do mesmo período do ano anterior.

Ademais das cifras absolutas de accidentes de traballo, tamén tomaremos como referencia o «índice de incidencia». Este indicador considérase máis preciso para cuantificar a sinistralidade laboral porque relaciona o número de accidentes en xornada de traballo con baixa co número de persoas traballadoras afiliadas á Seguridade Social en situación de alta nos réximes que teñen cuberta a continxencia de accidente de traballo. A unidade de medida dese indicador é accidentes de traballo por 100 000 persoas traballadoras.

A poboación afiliada á Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta, que se toma como referencia nas estatísticas do MITES, pertence aos seguintes réximes:

— **Réxime xeral da Seguridade Social** (cobertura obrigatoria), incluídas as persoas traballadoras en períodos de actividade do Sistema especial para traballadores/as por conta allea agrarios e os traballadores/as do Sistema especial para empregados/as de fogar.

Non se contabilizan as persoas afiliadas en períodos de inactividade do Sistema especial para traballadores/as por conta allea agrarios nin as persoas funcionarias afiliadas ao réxime xeral da Seguridade Social afectadas pola disposición adicional terceira do texto refundido da Lei xeral da seguridade social aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, porque as continxencias profesionais deste colectivo xestiónanse a través das mutualidades de funcionarios (MUFACE, ISFAS e MUGEJU).

— **Réxime especial da minería do carbón** (cobertura obrigatoria).

— **Réxime especial de persoas traballadoras do mar** (cobertura obrigatoria).

— **Réxime especial de persoas traballadoras autónomas** (RETA) (cobertura obrigatoria, salvo excepcións): dende o ano 2019, a cobertura é obrigatoria con carácter xeral neste réxime. Non obstante, quedan excepcións en que a cobertura segue sendo voluntaria, que son as persoas traballadoras incluídas no Sistema es-

pecial para persoas traballadoras por conta propia agrarias (SETA) e os relixiosos da Igrexa católica cando a afiliación á Seguridade Social corresponda no RETA.

1.1. Accidentes de traballo con baixa en xornada laboral

Segundo os datos do avance de xaneiro-decembro 2019/2020/2021 que publicou o ISSGA, durante o 2021 producíronse en Galicia 28 991 accidentes de traballo con baixa. Deste total, o 91,07 % ocorreron en xornada laboral e o 8,93 % restante no desprazamento do domicilio ao centro de traballo ou viceversa.

No 2021, en relación co ano anterior, incrementáronse en 4084 os accidentes de traballo con baixa en xornada laboral, un 18,30 %.

O índice de incidencia subiu un 16,36 % con respecto ao ano 2020.

Táboa 1. ACCIDENTES DE TRABALLO CON BAIXA

	ANO 2019	ANO 2020	ANO 2021
Na xornada laboral	29.518	22.318	26.402
'In itinere'	3.123	2.209	2.589
Total	32.641	24.527	28.991

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por gravidade e sexo

O índice de incidencia do ano 2021 foi de 2630,95 accidentes de traballo con baixa en xornada laboral por cada cen mil persoas traballadoras afiliadas á Seguridade Social coas continxencias profesionais cubertas. Este dato supón un aumento do 16,36 % con respecto ao ano 2020. A incidencia dos accidentes é maior nos homes ca nas mulleres: por cada cen mil homes traballadores, 3696,09 sufriron accidentes; a cifra baixa nas mulleres ata 1496,24.

A diferenza de índices entre homes e mulleres increméntase conforme aumenta a gravidade dos accidentes. O índice de incidencia dos leves é 2,4 veces maior nos homes ca nas mulleres: 6,14 veces maior nos graves e ata 43,23 veces maior nos mortais.

No ano 2021 producíronse 26 402 accidentes de traballo con baixa en xornada laboral, dos que 48 foron mortais: 47 homes (72,46 %) e unha muller (27,54 %). Os homes sufriron o 72,19 % dos accidentes leves, o 86,75 % dos graves e o 97,92 % dos mortais.

Táboa 2. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR GRAVIDADE E SEXO. ANO 2021

	Nº DE ACCIDENTES			ÍNDICE DE INCIDENCIA		
	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
Leves	18.725	7.214	25.939	3.617,46	1.484,71	2.584,82
Graves	360	55	415	69,55	11,32	41,35
Mortais	47	1	48	9,08	0,2	4,78
Total	19.132	7.270	26.402	3.696,09	1.496,24	2.630,95

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

En comparación co 2020 (ver táboa 3), o índice de incidencia de accidentes mortais diminuíu un 9,20 %, mentres que o índice de accidentes leves e graves aumentou un 16,57 % e un 7,99 % respectivamente.

Por sexos, nos homes baixa un 5,65 % o índice de incidencia nos accidentes mortais e sobe un 16,95 % nos leves e un 6,95% nos graves. No caso das mulleres, baixa nos accidentes mortais un 67,21 % e sobe nos leves un 15,59 % e nos graves o 15,11 %.

Táboa 3. EVOLUCIÓN ÍNDICE DE INCIDENCIA POR GRAVIDADE E SEXO

	VARIACIÓN RELATIVA 2020/2021		
	HOMES	MULLERES	TOTAL
Leves	16,95 %	15,59 %	16,57 %
Graves	6,98 %	15,11 %	7,99 %
Mortais	-5,65 %	-67,21 %	-9,20 %
Total	16,67 %	15,55 %	16,36 %

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por sectores de actividade e sexo

No 2021, o sector de actividade co maior índice de incidencia foi a construción, con 5429,59 accidentes por cada cen mil persoas traballadoras afiliadas; séguenlle a industria e a pesca con 4657,04 e 4204,02 accidentes, respectivamente.

Por sexos, o índice de incidencia dos homes supera o das mulleres en todos os sectores de actividade pero, sobre todo, na construción (é máis de 10 veces maior) e na agricultura (é mais de 3 veces maior). A menor diferenza dáse no sector dos servizos e na industria.

Táboa 4. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR SECTORES E SEXO. ANO 2021

	N.º DE ACCIDENTES			ÍNDICE DE INCIDENCIA		
	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
Agricultura	1.104	233	1.337	5.343,14	1.698,62	3.889,00
Pesca	671	70	741	5.005,97	1.657,98	4.204,02
Industria	5.579	1.110	6.689	5.493,52	2.638,08	4.657,04
Construción	4.165	40	4.205	5.937,95	547,65	5.429,59
Servizos	7.613	5.817	13.430	2.441,13	1.389,74	1.838,64
Total	19.132	7.270	26.402	3.696,09	1.496,24	2.630,95

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

A segmentación sexual na ocupación reflíctese tamén na distribución dos accidentes por sectores. Nos servizos, a porcentaxe de mulleres que sofren un accidente é lixeiramente inferior á de homes, mentres que nos restantes sectores é moito maior.

O maior número de accidentes no 2021 ocorre no sector dos servizos, con 5817 en mulleres e 7613 en homes: 43,31 % nas mulleres e 56,69 % nos homes.

Na agricultura: 17,43 % nas mulleres e 82,57 % nos homes, **na pesca:** 9,45 % nas mulleres e 90,55 % nos homes, **na industria:** 16,59 % nas mulleres e 83,41 % nos homes e **na construción:** 0,95 % nas mulleres e 99,05 % nos homes.

O índice de incidencia aumenta en todos os sectores (táboa 5). O maior incremento rexístrase no sector da agricultura (19,87 %), séguenlle o dos servizos (19,63 %), a industria (15,03 %) e a construción (13,48 %). O sector da pesca foi o único en que diminuíu este índice (-3,30 %).

Táboa 5. EVOLUCIÓN ÍNDICE DE INCIDENCIA POR SECTOR E SEXO

VARIACIÓN RELATIVA 2020/2021			
	HOMES	MULLERES	TOTAL
Agricultura	19,70	16,11	19,87
Pesca	-1,61	-19,07	-3,30
Industria	16,03	9,91	15,03
Construción	13,21	49,32	13,48
Servizos	21,34	17,45	19,63
Total	16,67	15,55	16,36

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por sectores de actividade e gravidade

No 2021, a pesca acadou o índice de incidencia máis elevado nos accidentes graves (249,63 accidentes por cada cen mil traballadores/as) e nos mortais (17,02). A construción rexistrou o maior índice de incidencia dos accidentes leves (4619,58).

O sector dos servizos rexistra o menor índice de incidencia nos tres graos de gravidade.

Táboa 6. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR SECTORES E GRAVIDADE. ANO 2021

	N.º DE ACCIDENTES				ÍNDICE DE INCIDENCIA			
	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL
Agricultura	1.299	33	5	1.337	3.120,13	95,99	14,54	3.889,00
Pesca	694	44	3	741	4.086,95	249,63	17,02	4.204,02
Industria	6.597	82	10	6.689	3.996,97	57,09	6,96	4.657,04
Construción	4.083	110	12	4.205	4.619,58	142,03	15,49	5.429,59
Servizos	13.266	146	18	13.430	1.517,06	19,99	2,46	1.838,64
Total	25.939	415	48	26.402	2.217,41	41,35	4,78	2.630,95

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

O número de accidentes leves sobe en todos os sectores, agás na pesca que baixa.

O número de accidentes graves increméntase nos sectores da pesca, a industria e os servizos, e baixa na agricultura e na construción.

O número de accidentes mortais baixa nos sectores da agricultura e a pesca, mantense na industria e nos servizos e increméntase na construción.

No total de accidentes apréciase un incremento total do 18,30 %.

Táboa 7. EVOLUCIÓN ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR SECTORES E GRAVIDADE. ANO 2021

	N.º DE ACCIDENTES			
	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL
Agricultura	20,17	-8,33	-28,57	18,95
Pesca	-5,83	12,82	-62,50	-5,48
Industria	14,85	28,13	0,00	14,97
Construción	17,67	-4,35	3,33	17,00
Servizos	22,20	17,74	0,00	22,11
Total	18,51	9,79	-7,69	18,30

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Canto aos índices de incidencia, increméntanse con respecto ao 2020 en todos os sectores no total dos accidentes con baixa, menos na pesca, onde se reduce.

Táboa 8. EVOLUCIÓN ÍNDICE ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR SECTORES E GRAVIDADE. ANO 2021 SOBRE 2020

	ÍNDICE DE INCIDENCIA %			
	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL
Agricultura	21,10	-7,62	-28,02	19,87
Pesca	-3,66	15,43	-61,63	-3,30
Industria	14,91	28,19	0,05	15,03
Construción	14,12	-7,23	29,32	13,48
Servizos	19,72	15,35	-2,03	19,63
Total	16,57	7,99	-28,02	16,36

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por tipo de contrato

A temporalidade ten as súas peores consecuencias na sinistralidade laboral. En proporción, as persoas traballadoras cun contrato temporal sofren máis accidentes ca as que teñen unha relación estable.

No ano 2021, o 41,69 % dos accidentes de traballo con baixa en xornada laboral de persoal asalariado sufríronos persoas cun contrato temporal. Tendo en conta que a poboación asalariada temporal representaba o 24 % do total, é evidente que existe unha relación entre os sinistros e o tipo de contrato.

En cambio, a porcentaxe de accidentes entre as persoas cun contrato indefinido, o 58,31 % de accidentes de persoas asalariadas, queda por baixo da representación dese colectivo no emprego por conta allea, que é do 76 %.

Os accidentes de traballo con baixa en xornada laboral incrementáronse en todos os tipos de contrato.

**Táboa 9. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL
POR TIPO DE CONTRATO**

TIPO DE CONTRATO	ANO 2020	ANO 2021	VARIACIÓN
Indefinido	12.119	14.162	16,86 %
Temporal	8.347	10.128	21,34 %
Autónomo	1.852	2.112	14,04 %
Total	22.318	26.402	18,30 %

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por provincias

No 2021, o maior índice de incidencia de accidentes de traballo con baixa en xornada laboral dáse na provincia de Ourense: 2740,75 accidentes por cada cen mil afiliacións (ver táboa 10).

Os accidentes de traballo soben nas catro provincias e tamén o índice de incidencia.

Táboa 10. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR PROVINCIAS

	ANO 2020		ANO 2021	
	N.º ACCIDENTES	ÍNDICE DE INCIDENCIA	N.º ACCIDENTES	ÍNDICE DE INCIDENCIA
A Coruña	10.178	2.408,99	11.733	2.723,18
Lugo	2.545	2.166,82	2.965	2.502,11
Ourense	2.558	2.558,72	2.763	2.740,75
Pontevedra	7.021	2.022,32	8.941	2.530,37
Galicia	22.303	2.259,35	26.402	2.630,95

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por comunidades autónomas

Na clasificación por comunidades autónomas, e utilizando os datos do MITES, Galicia é a sexta comunidade con máis accidentes con baixa en xornada laboral. Dos índices de incidencia, Galicia, con 2647,4 accidentes con baixa en xornada laboral por cada cen mil persoas traballadoras, só ten catro comunidades con mellor índice, rebaixando incluso lixeiramente o estatal que se sitúa en 2670,6.

Táboa 11. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL E ÍNDICE DE INCIDENCIA POR CC.AA. AÑO 2021

	ACCIDENTES EN XORNADA	ÍNDICES DE INCIDENCIA
Cataluña	83.562	2.454,5
Andalucía	81.799	2.858,5
Madrid	67.952	2.147,4
Valencia	50.447	2.664,7
País Vasco	27.244	2.879,0
Galicia	26.390	2.647,4
Castela-A Mancha	25.331	3.589,5
Castela e León	23.938	2.689,3
Murcia	18.378	3.130,7
Canarias	18.066	2.330,1
Baleares	16.959	3.621,8
Aragón	16.032	2.863,2
Extremadura	10.523	2.938,5
Navarra	9.925	3.488,0
Asturias	9.865	2.764,8
Cantabria	5.849	2.731,3
A Rioxa	4.323	3.419,9
Melilla	585	2.535,5
Ceuta	567	2.671,3
Total	497.735	2.670,6

FONTE: elaboración propia a partir de datos do MITRAMISS

Canto aos accidentes mortais en xornada, Galicia rexistrou un índice de incidencia de 4,82 por cada cen mil persoas traballadoras, mentres que a proporción acadada no conxunto do Estado foi de 3,09. **O terceiro índice de accidentes mortais máis elevado dáse en Galicia.** Extremadura é a primeira con 5,31 e Asturias é a segunda con 5,04.

Táboa 12. ACCIDENTES MORTAIS E ÍNDICE DE INCIDENCIA POR CC.AA. AÑO 2021

	ACCIDENTES MORTAIS EN XORNADA	ÍNDICES DE INCIDENCIA
Extremadura	19	5,31
Asturias	18	5,04
Galicia	48	4,82
A Rioxa	6	4,75
Cantabria	10	4,67
Castela e León	39	4,38
Melilla	1	4,33
Murcia	24	4,09
Andalucía	115	4,02
Castela-A Mancha	25	3,54
Aragón	19	3,39
Valencia	64	3,38
País Vasco	25	2,64
Cataluña	73	2,14
Madrid	67	2,12
Navarra	5	1,76
Baleares	7	1,49
Canarias	10	1,29
Ceuta	—	—
Total	575	3,09

FONTE: elaboración propia a partir de datos do MITRAMISS

No rexistro de accidentes mortais, **Galicia é a quinta comunidade autónoma con maior número, 48**. A primeira é Andalucía con 115, a segunda Cataluña con 73, a terceira Madrid con 67 e a cuarta e Valencia con 64.

1.2. Accidentes mortais en xornada laboral

Segundo os datos do ISSGA, no ano 2021 Galicia rexistrou 48 accidentes mortais en xornada laboral: morreron 47 homes (dous menos ca no 2020) e unha muller (dúas menos ca o ano 2020).

A causa máis frecuentes foron os infartos e outras patoloxías non traumáticas, con 25 accidentes mortais, o 52,08 % do total. A segunda causa máis frecuente foron as caídas e golpes con esmagamento contra obxectos inmóbiles, con 9 accidentes, o 18,75 % do total.

Táboa 13. FORMA DOS ACCIDENTES MORTAIS EN GALICIA. ANO 2021

FORMA DO ACCIDENTE	TOTAIS	%
Contacto coa corrente eléctrica, lume ou substancias perigosas	1	2,08
Afogamentos, sepultamentos	1	2,08
Caídas e golpes con esmagamentos contra obxectos inmóbiles	9	18,75
Choques ou golpes contra obxectos en movemento	5	10,42
Contacto con axente cortante ou punzante	1	2,08
Atrapamento e amputacións	6	12,50
Mordeduras, patada, picaduras, etc.	0	0,00
Infartos e outras patoloxías non traumáticas	25	52,08
Sen especificar	0	0,00
Total	48	100

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por sectores de actividade

No 2021, coma no ano anterior, a pesca foi o sector de actividade co maior índice de incidencia de accidentes mortais, o 17,02. O segundo posto ocupouno a construción e o terceiro a agricultura. Por debaixo da media só está o sector dos servizos (ver táboa 14).

En relación co ano anterior, os accidentes mortais redúcense nos sectores da pesca e a agricultura en 5 e 2 accidentes mortais. Aumentan nos sectores da construción, os servizos e a industria en 3, 1 e 1 accidentes mortais, respectivamente.

Táboa 14. ACCIDENTES MORTAIS CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR SECTORES

	ANO 2020		ANO 2021	
	N.º ACCIDENTES	ÍNDICE DE INCIDENCIA	N.º ACCIDENTES	ÍNDICE DE INCIDENCIA
Agricultura	7	20,20	5	14,54
Pesca	8	44,36	3	17,02
Industria	9	6,96	10	6,96
Construción	9	11,98	12	15,49
Servizos	19	2,52	18	2,46
Total Galicia	52	5,27	48	4,78

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por provincias

Por provincias, Ourense pasa a ter no 2021 o maior índice de incidencia de accidentes mortais (ver táboa 15). En comparación co 2020, o índice de incidencia aumentou na Coruña e Ourense, mentres que baixou en Lugo e Pontevedra.

Táboa 15. ACCIDENTES MORTAIS CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR PROVINCIAS

	ANO 2020		ANO 2021	
	N.º ACCIDENTES	ÍNDICE DE INCIDENCIA	N.º ACCIDENTES	ÍNDICE DE INCIDENCIA
A Coruña	15	3,55	22	5,11
Lugo	11	9,37	5	4,22
Ourense	2	2,00	6	5,95
Pontevedra	24	6,91	15	4,25
Galicia	52	5,27	48	4,78

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por tipo de contrato

Polo tipo de contrato, o 31,25 % das persoas falecidas por accidente de traballo en xornada laboral no 2021 tiñan un contrato temporal; foron 18 persoas. En comparación co 2020, baixaron en dous os accidentes mortais en persoas traballadoras autónomas, e en tres en persoas traballadoras eventuais. Incrementouse nunha persoa con contratación indefinida.

Táboa 16. ACCIDENTES MORTAIS POR TIPO DE CONTRATO

	ANO 2020	ANO 2021
Indefinidos	28	29
Temporais	18	15
Autónomos	6	4
Total	52	48

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

1.3. Accidentes de traballo 'in itinere'

Por gravidade e sexo

No ano 2021 rexistráronse un total de 2589 accidentes *in itinere*: 1504 de mulleres (58,09 % do total) e 1085 de homes (41,91 % do total).

Ocorrerón 380 accidentes *in itinere* máis ca no 2020 (267 máis de mulleres e 113 máis de homes).

As mulleres sufriron máis accidentes leves ca os homes, pero nos graves e mortais ocorre o contrario (morreron cinco homes e ningunha muller).

Táboa 17. ACCIDENTES DE TRABALLO 'IN ITINERE' POR SEXO E GRAVIDADE

	N.º DE ACCIDENTES NO ANO 2020			N.º DE ACCIDENTES NO ANO 2021		
	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
Leves	932	1.217	2.149	1.058	1.486	2.544
Graves	34	19	53	22	18	40
Mortais	6	1	7	5	0	5
Total	972	1.237	2.209	1.085	1.504	2.589

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por provincias e gravidade

O total dos accidentes *in itinere* aumentou en todas as provincias no ano 2021.

Os accidentes mortais aumentaron en Lugo en 1; mantéñense na Coruña con 2 e en Ourense ningún; diminuíron en Pontevedra en 3.

Os accidentes graves só aumentaron na Coruña en 1; baixaron en 4 en Lugo, en Ourense 3 e en Pontevedra 7.

O accidentes leves aumentaron nas catro provincias.

Táboa 18. ACCIDENTES DE TRABALLO 'IN ITINERE' POR GRAVIDADE E PROVINCIA

	N.º DE ACCIDENTES NO ANO 2020				N.º DE ACCIDENTES NO ANO 2021			
	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL
A Coruña	901	17	2	920	1.049	18	2	1.069
Lugo	189	7	0	196	224	3	1	228
Ourense	223	5	0	228	247	2	0	249
Pontevedra	836	24	5	865	1.024	17	2	1.043
Galicia	2.149	53	7	2.209	2.544	40	5	2.589

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

2. ACCIDENTES SEN BAIXA EN XORNADA LABORAL

Por provincias

No ano 2021 rexistráronse en Galicia un total de 14 627 accidentes de traballo sen baixa en xornada laboral. Son 50 máis ca no 2020 (0,34 %)

Aumentaron na Coruña e Lugo, en 362 e 217 accidentes, respectivamente.

Diminuíron en 92 Ourense e en 437 en Pontevedra.

Táboa 19. ACCIDENTES SEN BAIXA EN XORNADA LABORAL POR PROVINCIAS

	ANO 2020	ANO 2021	VARIAC. ABSOLUTA	VARIAC. RELATIVA
A Coruña	5.549	5.911	362	6,52 %
Lugo	1.188	1.405	217	18,27 %
Ourense	1.547	1.455	-92	-6,94 %
Ponteved	6.293	5.856	-437	-6,94 %
Total	14.577	14.627	50	0,34 %

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por sectores de actividade

En relación co ano 2020, os accidentes de traballo sen baixa en xornada laboral diminúen en todos os sectores, menos no dos servizos, que suma 443 máis.

Táboa 20. ACCIDENTES SEN BAIXA EN XORNADA LABORAL POR SECTORES. ANO 2021

	ANO 2020	ANO 2021	VARIAC. ABSOLUTA	VARIAC. RELATIVA
Agricultura	421	404	-17	-4,04 %
Pesca	281	255	-26	-9,25 %
Industria	4.783	4.425	-358	-7,48 %
Construción	2.222	2.230	-8	0,36 %
Servizos	6.870	7.313	44	6,45 %
Total	14.577	14.627	50	0,34 %

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

3. ACCIDENTES DE TRABALLO POR COVID-19

Por comunidades autónomas

No conxunto do Estado recoñecéronse 12 462 accidentes de traballo no ano 2021 por covid-19, dos cales 355 foron en Galicia, o 2,85 % do total.

Recoñeceuse un total de 6 accidentes mortais por covid-19: 4 homes e 2 mulleres, ningún deles en Galicia. Todos se produciron en ámbitos sanitarios. Déronse 3 no

tramo de idade de 60 a 65 anos, 1 no tramo de maiores de 65, 1 no tramo de 50 a 54, e 1 no tramo de 55 a 59.

Táboa 21. ACCIDENTES DE TRABALLO POR COVID. ANO 2021

	TOTAIS	MORTAIS
Cataluña	2.957	—
Madrid	2.031	3
Castela-A Mancha	1.276	1
Valencia	1.132	1
Baleares	893	—
Andalucía	837	—
Aragón	669	—
País Vasco	477	—
Cantabria	392	—
Castela e León	392	—
Galicia	355	—
Asturias	284	—
Extremadura	222	1
Murcia	217	—
A Rioxa	214	—
Navarra	68	—
Canarias	46	—
Ceuta	—	—
Melilla	—	—
Total	12.462	6

FONTE: elaboración propia a partir de datos do MITRAMISS

ENFERMIDADES CAUSADAS POLO TRABAJO

1. ENFERMIDADES CAUSADAS POLO TRABALLO

A información que achegamos sobre as enfermidades causadas polo traballo procede do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) e do Observatorio das continxencias profesionais da Seguridade Social. A análise céntrase no período xaneiro-decembro de 2021.

A cobertura das enfermidades causadas polo traballo no sistema da seguridade social encarréirase por dúas vías:

- O recoñecemento automático da enfermidade profesional. Segundo o artigo 157 da LXSS (Lei xeral da seguridade social), un traballador ou traballadora ten dereito a cobertura por enfermidade profesional se esa enfermidade foi contraída a consecuencia do traballo nas actividades que se especifican no cadro de enfermidades profesionais (EEPP) aprobado polo RD 1299/2006 e está provocada pola acción dos elementos ou substancias que se indican nese cadro.
- O artigo 156.2 da LXSS, nos seus apartados *e* e *f*, reconece que serán consideradas como continxencia profesional aquelas enfermidades non incluídas na relación de EEPP que contraia a persoa traballadora con motivo da realización do seu traballo, sempre que se probe que a enfermidade tivo causa exclusiva na súa execución. Tamén as enfermidades ou defectos anteriormente padecidos que se agraven como consecuencia da lesión constitutiva do accidente.

O sistema de notificación CEPROSS (comunicación de EEPP na seguridade social) achega desde o ano 2007 información das patoloxías sufridas polas persoas traballadoras que están incluídas no cadro de EEPP.

En xuño do 2010 creouse o ficheiro PANOTRATSS, que rexistra as patoloxías non traumáticas causadas ou agravadas polo traballo que non teñen a consideración de enfermidade profesional.

1.1. Enfermidades profesionais

No *Informe CEPROSS-PANOTRATSS 2017* dise:

Un parte comunicado é un expediente de enfermidade profesional que foi tramitado pola entidade xestora ou colaboradora que asume a cobertura de continxencias profesionais conforme a normativa vixente e supuxo a existencia dunha visita da persoa traballadora a un facultativo que diagnostica unha enfermidade profesional catalogada no cadro de enfermidades profesionais recollido no RD 1299/2006.

Se cando se realiza a comunicación telemática existe baixa laboral por incapacidade temporal o parte permanece no que se denomina estado aberto, pasando a situación de pechado no momento en que finalice a incapacidade temporal. Os partes pódense pechar por algunha das seguintes causas:

- Alta por curación e/ou alta laboral
- Alta con proposta de incapacidade permanente
- Alta con proposta de cambio de traballo
- Falecemento
- Lesións permanentes non invalidantes
- Sen baixa laboral
- Outras causas. *Neste apartado inclúense as situacións de cualificación do parte como accidente de traballo ou enfermidade común aínda cando o traballador continúe de baixa médica laboral.*

1.1.1. Partes comunicados de enfermidades profesionais

Segundo os datos de xaneiro a decembro do ano 2021, rexistráronse 1296 EEPP, 41 menos ca no ano 2020 (-2,08 %).

O 58,26 % dos partes comunicados de EEPP foron con baixa laboral, e o 41,74% sen baixa. En comparación co ano 2020, os partes con baixa diminuíron un -5,43 % (41 menos) e os sen baixa aumentaron un 2,66 % (14 máis).

Táboa 1. EEPP CON BAIXA E SEN BAIXA

	ANO 2020	ANO 2021	VARIACIÓN ANUAL
Con baixa	796	755	-5,43 %
Sen baixa	527	541	2,66 %
Total	1.323	1.296	-2,08 %

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por sexo

Das EEPP rexistradas no ano 2021, o 41,98 % foron de mulleres, 544 partes comunicados. O 58,02 % dos partes comunicados foron de homes, 752 partes.

Nas mulleres, os **partes con baixa foron** o 42,25 %, 319 partes. Nos homes foron o 57,75 %, 436 partes.

Nas mulleres, os **partes sen baixa foron** o 41,59 %, 225 partes. Nos homes foron o 58,41 %, 316 partes.

Táboa 2. EEPP POR SEXOS. ANO 2021

	CON BAIXA	SEN BAIXA	TOTAL
Homes	436	316	752
Mulleres	319	225	544
Total	755	541	1.296

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por sector de actividade

O sector con maior recoñecemento de enfermidades profesionais é a industria, con 674 (52,01 %); o segundo foi o dos servizos con 479 (14,17 %); o terceiro, a construción con 102 (2,5 %); o cuarto, a pesca con 25 (2,08 %) e o quinto foi o da agricultura con 16.

O sector que, en proporción, rexistrou máis EEPP con baixa ca sen baixa foi a pesca: o 78,95 %. Os seguintes son a construción, cun 64,49 %, e os servizos co 59,6 %. Na industria e na agricultura, o cociente queda por baixo da media.

Táboa 3. EEPP CON BAIXA E SEN BAIXA POR SECTOR DE ACTIVIDADE. ANO 2021

SECTOR	CON BAIXA	SEN BAIXA	TOTAL	% DO TOTAL
Agricultura	8	8	16	1,23 %
Pesca	15	10	25	1,93 %
Industria	402	272	674	52,01 %
Construción	56	46	102	7,87 %
Servizos	274	205	479	36,96 %
Total	755	541	1.296	100 %

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por sector de actividade e por sexo

Os sector da industria suma máis casos de EEPP de homes ca de mulleres: 464 partes dos 674 comunicados (68,84 %).

En cambio, no sector dos servizos ocorre o contrario, suman máis casos de EEPP as mulleres con respecto aos homes: 327 partes dos 479 comunicados (68,27 %).

Táboa 4. EEPP POR SECTOR DE ACTIVIDADE E SEXO. ANO 2020

SECTOR DE ACTIVIDADE	HOMES	MULLERES	TOTAL
Agricultura	12	4	16
Pesca	23	2	25
Industria	464	210	674
Construción	101	1	102
Servizos	152	327	479
Total	752	544	1.296

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por grupo de enfermidade

O cadro de EEPP foi aprobado polo Real decreto 1299/2006. Inclúe unha listaxe de enfermidades recoñecidas como profesionais e os traballos e substancias que expoñen ao risco de contraelas.

A listaxe recolle seis grupos de EEPP:

Grupo 1: EEPP causadas por axentes químicos

Grupo 2: EEPP causadas por axentes físicos

Grupo 3: EEPP causadas por axentes biolóxicos

Grupo 4: EEPP causadas pola inhalación de substancias e axentes non comprendidos noutros apartados

Grupo 5: EEPP da pel causadas por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados

Grupo 6: EEPP causadas por axentes carcinóxenos

No 2021, o maior número de partes de EEPP comunicados concéntrase no grupo 2, co 82,25 % (EEPP causadas por axentes físicos).

No grupo 4 contabilízanse o 11,35 % dos partes comunicados; é o segundo grupo con maior número de partes (EEPP causadas pola inhalación de substancias e axentes non comprendidos noutros apartados).

Táboa 5. PARTES COMUNICADOS POR GRUPOS DE ENFERMIDADE. ANO 2021

GRUPO	CON BAIXA	SEN BAIXA	TOTAL	% SOBRE O TOTAL
Grupo 1	18	19	37	2,85 %
Grupo 2	598	468	1.066	82,25 %
Grupo 3	9	2	11	0,85 %
Grupo 4	116	31	147	11,35 %
Grupo 5	13	21	34	2,62 %
Grupo 6	1	0	1	0,08 %
Total	755	541	1.296	100 %

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por grupo de enfermidade e sexo

Por sexo, como se reflicte na táboa 6, o maior número de partes comunicados de EEPP no 2021 pertence ao grupo 2 (causadas por axentes físicos), tanto nos homes coma nas mulleres. Nese grupo están o 78,99 % do total das EEPP de homes e o 86,76 % do total das EEPP de mulleres.

O segundo grupo con máis partes de EEPP de homes é o 4 (causadas por inhalación de substancias), que representa o 16,48 % do total. Nas mulleres, o segundo grupo con máis partes por EEPP tamén é o 4, representando o 4,22 %. O 84,35 % dos partes encadrados no grupo 4 corresponden a homes.

No 2021 comunicouse un parte de enfermidade profesional causado por axentes carcinógenos (grupo 6); corresponde a un home do sector da construción.

Táboa 6. PARTES COMUNICADOS POR GRUPOS DE ENFERMIDADE E SEXO. ANO 2021

GRUPO	HOMES	MULLERES	TOTAL
Grupo 1	19	18	37
Grupo 2	594	472	1.066
Grupo 3	2	9	11
Grupo 4	124	23	147
Grupo 5	12	22	34
Grupo 6	1	0	1
Total	752	544	1.296

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por provincias

No ano 2021, a provincia coa cifra máis alta de partes comunicados de EEPP é Pontevedra con 630, o 48,61 % de todos os rexistrados en Galicia. A segunda foi A Coruña con 310 partes, o 23,92 % do total; a terceira foi Ourense con 240, o 18,52 %, e a cuarta foi Lugo con 116, o 8,95 %.

Táboa 7. PARTES COMUNICADOS POR PROVINCIAS. ANO 2021

PROVINCIA	CON BAIXA	SEN BAIXA	TOTAL	% SOBRE TOTAL
A Coruña	188	122	310	23,92 %
Lugo	76	40	116	8,95 %
Ourense	153	87	240	18,52 %
Pontevedra	338	292	630	48,61 %
Total	755	541	1.296	100 %

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por sexos, as comunicacións de EEPP ordénanse, de maior a menor número, do seguinte xeito:

Pontevedra: 366 de homes (58,10 %) e 264 de mulleres (41,90 %).

A Coruña: 160 de homes (51,61 %) e 150 de mulleres (48,39 %).

Ourense: con 155 de homes (64,58 %) e 85 de mulleres (35,42 %).

Lugo: 71 de homes (61,21 %) e 45 de mulleres (38,79 %).

En total, foron 752 comunicacións de EEPP de homes (58,02 %) e 544 de mulleres (41,98 %).

Táboa 8. PARTES COMUNICADOS POR PROVINCIAS E SEXO. ANO 2021

PROVINCIA	HOMES	MULLERES	TOTAL
A Coruña	160	150	310
Lugo	71	45	116
Ourense	155	85	240
Pontevedra	366	264	630
Total	752	544	1.296

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por comunidades autónomas

No ano 2021 recoñecéronse no conxunto do Estado 20 510 EEPP, das cales 9358 foron con baixa e 11 152 sen baixa. En homes recoñecéronse 10 460 (51 %) e en mulleres 10 050 (49 %).

Galicia ocupa o quinto lugar en recoñecemento de EEPP con 1292, o 6,30 % do total.

No que respecta ao índice de incidencia, Galicia está en oitavo lugar no conxunto do Estado con 129,6, por riba da media estatal que rexistra 110 casos por cada cen mil persoas traballadoras.

Táboa 9. PARTES COMUNICADOS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. AÑO 2021

CC.AA.	CON BAIXA	SEN BAIXA
Valencia	4.205	222,1
País Vasco	2.718	287,2
Cataluña	2.274	66,8
Murcia	2.126	362,2
Galicia	1.292	129,6
Navarra	1.276	448,4
Andalucía	1.073	37,5
Aragón	947	169,1
Madrid	917	29
Castela e León	852	120,7
A Rioxa	489	386,8
Castela-A Mancha	471	52,9
Asturias	461	129,2
Cantabria	414	193,3
Canarias	385	49,7
Baleares	343	73,3
Extremadura	232	64,8
Ceuta e Melilla	35	79
Total	20.510	Media estatal 110

FONTE: elaboración propia a partir de datos do CEPROSS

1.1.2. Partes pechados como enfermidade profesional con baixa

No ano 2021 pecháronse 616 procesos de enfermidade profesional en Galicia, 31 menos ca no 2020, o que supón unha diminución do -4,79 %.

En homes pecháronse 350 procesos; en mulleres, 266.

A duración media dos procesos de enfermidade profesional en Galicia foi de 139,36 días de baixa laboral, fronte a 101,65 días no 2020. A media estatal foi de 139,36 días; no 2020 foi de 108,64.

1.1.3. Sistema de alertas

O sistema CEPROSS conta cun «servizo de alertas» que ofrece a posibilidade de detectar aquelas empresas que superaron os límites de alerta establecidos. É dicir,

localiza posibles «focos de risco» de EEPP, para facilitar unha maior eficiencia nas accións preventivas.

No ano 2021, 27 empresas superaron en Galicia os límites de sinistralidade; representan o 15,79 % das detectadas en España, fronte ás 28 empresas detectadas no 2020.

Na clasificación por comunidades autónomas, Galicia é a primeira en número de empresas que superaron os límites de sinistralidade.

As alertas nesas 27 empresas en Galicia producíronse en 41 EEPP. Polo tanto, existen empresas onde as alertas detectaron máis dunha enfermidade profesional.

O maior número de EEPP encádranse no grupo 2 (EEPP causadas por axentes físicos) e no grupo 4 (EEPP causadas por inhalación), con 19 en cada un.

Táboa 10. TOTAL DE EMPRESAS QUE SUPERARON OS LÍMITES ESTABLECIDOS NO 2020

	GRUPO 1	GRUPO 2	GRUPO 3	GRUPO 4	GRUPO 5	GRUPO 6	SUMA	TOTAL EMPRESAS
Galicia		19	1	19	1	1	41	27
Madrid		6	15		2	4	27	22
Cataluña	1	12	15		4	5	27	22
País Vasco		12	2		1	4	19	16
Murcia		13	1		2	1	17	10
Valencia		13	1			2	16	12
Andalucía		6	5	3		1	15	12
Castela-A Mancha	2	8			3		13	8
Navarra		11			2		13	10
Asturias		3	3			2	8	6
Castela e León				7		1	8	8
Aragón		6			1		7	6
Cantabria		2	1		1	1	5	4
Baleares			2		1		3	2
A Ríoxa		2			1		3	3
Estremadura			1			1	2	2
Canarias						1	1	1
Total	3	113	37	29	19	24	225	171

FONTE: elaboración propia a partir de datos do CEPROSS

Nota:

Grupo 1: EEPP causadas por axentes químicos

Grupo 2: EEPP causadas por axentes físicos

Grupo 3: EEPP causadas por axentes biolóxicos

Grupo 4: EEPP causadas por inhalación de substancias e axentes non comprendidos noutros apartados

Grupo 5: EEPP da pel causadas por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados

Grupo 6: EEPP causadas por axentes carcinóxenos

1.2. Patoloxías non traumáticas

Os datos manexados de patoloxías non traumáticas corresponden aos expedientes comunicados a través do sistema PANOTRATSS en Galicia no ano 2020. Coñecemos o

número de partes comunicados distribuídos por sexo, por provincias e segundo causaran ou non baixa laboral.

Por sexos

No ano 2021 comunicáronse 156 partes de patoloxías non traumáticas en Galicia, fronte a 155 no 2020. A incidencia da declaración é maior nos homes ca nas mulleres: 98 partes de homes (62,82 % dos partes) e 58 de mulleres (37,18 %).

O 66,03 % dos partes comunicados foron con baixa laboral, e o 33,97 % foron sen baixa laboral.

Por sexos, a proporción é algo máis elevada nos homes ca nas mulleres:

Con baixa laboral: o 65,05 % en homes e 34,95 % en mulleres.

Sen baixa laboral: o 58,49 % en homes e o 41,51 % en mulleres.

Táboa 11. PARTES COMUNICADOS DE PATOLOXÍAS NON TRAUMÁTICAS. ANO 2021

	HOMES	MULLERES	TOTAL
Con baixa	67	36	103
Sen baixa	31	22	53
Total	98	58	156

FONTE: elaboración propia a partir de datos do PANOTRATSS

Por provincias

No 2021, o número de partes comunicados de patoloxías non traumáticas por provincia e de maior a menor é o seguinte:

Pontevedra: 89 partes, o 57,05 % do total.

A Coruña: 34 partes, o 21,79 % do total.

Lugo: 17 partes, o 10,90 % do total.

Ourense: 16 partes, o 10,26 % do total.

No total, a distribución entre homes e mulleres é a seguinte:

Homes: 98 partes, o 62,82 % do total.

Mulleres: 58 partes, o 37,18 % do total.

Táboa 12. PARTES COMUNICADOS POR PROVINCIAS E SEXOS. ANO 2021

	CON BAIXA			SEN BAIXA			TOTAL		
	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
A Coruña	10	6	16	12	6	18	22	12	34
Lugo	4	10	14	3	0	3	7	10	17
Ourense	6	5	11	3	2	5	9	7	16
Pontevedra	47	15	62	13	14	27	60	29	89
Total	67	36	103	31	22	53	98	58	156

FONTE: elaboración propia a partir de datos do PANOTRATSS

Clasificación por comunidades autónomas

Na clasificación por comunidades autónomas, en cifras absolutas, Galicia é a oitava con máis declaracións de patoloxías non traumáticas: 156 partes no 2021.

Galicia ten un 66,02 % de partes comunicados con baixa laboral nas patoloxías non traumáticas, por debaixo da media estatal que se sitúa no 77,45 %.

No que respecta aos partes comunicados sen baixa, Galicia ten un 33,98 %, por riba da media estatal que se sitúa no 22,55 %.

Táboa 13. PARTES COMUNICADOS POR CCAA. AÑO 2021

	CON BAIXA	SEN BAIXA	TOTAL	% SOBRE TOTAL
Castela-A Mancha	1.566	30	1.596	34,98 %
Valencia	332	293	625	13,70 %
Murcia	560	48	608	13,32 %
Cataluña	234	179	413	9,05 %
Madrid	137	88	225	4,93 %
Andalucía	159	62	221	4,84 %
Asturias	154	39	193	4,23 %
Galicia	103	53	156	3,42 %
Castela e León	65	69	134	2,94 %
Aragón	104	24	128	2,82 %
País Vasco	33	74	107	2,34 %
Baleares	19	16	35	0,77 %
Canarias	20	12	32	0,70 %
Navarra	10	16	26	0,57 %
A Ríoxa	11	13	24	0,52 %
Cantabria	11	9	20	0,44 %
Estremadura	15	3	18	0,39 %
Ceuta	0	1	1	0,02 %
Melilla	1	0	1	0,02 %
Total	3.534	1.029	4.563	100 %

FONTE: elaboración propia a partir de datos do PANOTRATSS

CONCLUSIÓN

Dos datos estatísticos publicados sobre accidentes de traballo e enfermidades profesionais no 2021 en Galicia, extraemos as seguintes conclusións:


- Producíronse 28991 accidentes de traballo con baixa: o 91,07 % ocorreron en xornada laboral e o 8,93 % restante no desprazamento do domicilio ao centro de traballo ou viceversa. En relación co ano anterior, incrementáronse en 4084 os accidentes de traballo con baixa en xornada laboral, un 18,30 %.

- O índice de incidencia subiu un 16,36 % con respecto ao ano 2020. A incidencia dos accidentes é maior nos homes ca nas mulleres: por cada 100 000 homes traballadores, 3696,09 sufriron accidentes; a cifra baixa nas mulleres ata 1496,24. A diferenza de índices entre homes e mulleres increméntase conforme aumenta a gravidade dos accidentes. O índice de incidencia dos accidentes leves é 2,4 veces maior nos homes que nas mulleres, 6,14 veces maior nos graves e ata 43,23 veces maior nos mortais.
- Producíronse 26 402 accidentes de traballo con baixa en xornada laboral, 48 deles mortais: 47 homes (72,46 %) e unha muller (27,54 %). Os homes sufriron o 72,19 % dos accidentes leves, o 86,75 % dos graves e o 97,92 % dos mortais.
- En comparación co 2020, o índice de incidencia de accidentes mortais diminuíu un 9,20 %, mentres que o índice de accidentes leves e graves subiu un 16,57 % e un 7,99%, respectivamente.
- Por tipo de contrato, a temporalidade ten as súas peores consecuencias na sinistralidade laboral. En proporción, as persoas traballadoras cun contrato temporal sofren máis accidentes ca os que teñen unha relación estable. O 41,69 % dos accidentes de traballo con baixa en xornada laboral de persoal asalariado sufríronos persoas cun contrato temporal. Tendo en conta que a poboación asalariada temporal representaba o 24 % do total, é evidente que existe unha relación directa entre os sinistros e o tipo de contrato.
- En cambio, a porcentaxe de accidentes entre as persoas cun contrato indefinido, o 58,31 % dos accidentes das persoas asalariadas, queda por baixo da representación dese colectivo no emprego por conta allea, que é do 76 %. Os accidentes de traballo con baixa en xornada laboral incrementáronse en todos os tipos de contrato.
- Canto aos accidentes mortais en xornada por comunidades autónomas, Galicia rexistrou un índice de incidencia de 4,82 por cada cen mil persoas traballadoras, mentres que a proporción acadada no conxunto do Estado foi de 3,09. O terceiro índice de accidentes mortais máis elevado dáse en Galicia. Estremadura é a primeira con 5,31 e Asturias e a segunda con 5,04.
- No rexistro de accidentes mortais, Galicia é a quinta comunidade autónoma con maior número: 48. A primeira é Andalucía con 115, a segunda Cataluña con 73, a terceira Madrid con 67 e a cuarta e Valencia con 64.
- Na clasificación por comunidades autónomas, e utilizando os datos do MITES, Galicia é a sexta comunidade con máis accidentes con baixa en xornada laboral. Dos índices de incidencia, Galicia rexistra 2647,4 accidentes con baixa en xor-

nada laboral por cada cen mil persoas traballadoras; só ten por diante catro comunidades con mellor índice, rebaixando incluso lixeiramente o estatal, que se sitúa en 2670,6.

- As causas máis frecuentes dos accidentes laborais foron os infartos e outras patoloxías non traumáticas, con 25 accidentes mortais, o 52,08 % do total. A segunda causa máis frecuente foron as caídas e golpes con esmagamento contra obxectos inmóbiles, con 9 accidentes, o 18,75 % do total.
- Os accidentes *in itinere* rexistrados foron un total de 2589: 1504 de mulleres (58,09 % do total) e 1085 de homes (41,91% do total). Ocorrerón 380 accidentes *in itinere* máis ca no 2020 (267 máis de mulleres e 113 máis de homes). As mulleres sufriron máis accidentes leves ca os homes pero nos graves e mortais ocorre o contrario (morreron cinco homes e ningunha muller). O total de accidentes *in itinere* aumentou en todas as provincias no ano 2021. Os accidentes mortais aumentaron en Lugo en 1; mantense a cifra na Coruña con 2 e en Ourense ningún; diminuíron en Pontevedra en 3. Os accidentes graves só aumentaron na Coruña en 1; baixaron en Lugo 4, en Ourense 3 e en Pontevedra 7. O accidentes leves aumentaron nas catro provincias.
- No conxunto do Estado recoñecéronse 12 462 accidentes de traballo por covid-19, dos cales 355 foron en Galicia, o 2,85 % do total. Recoñeceuse un total de 6 accidentes mortais por covid-19: 4 homes e 2 mulleres, ningún deles en Galicia. Todos foron en ámbitos sanitarios. Producíronse 3 no tramo de idade de 60 a 65 anos, 1 no tramo de maiores de 65, 1 no tramo de 50 a 54, e 1 no tramo de 55 a 59.
- En Galicia rexistráronse 1296 EEPP, 41 menos ca no ano 2020 (-2,08 %). O 58,26 % dos partes comunicados de EEPP foron con baixa laboral e o 41,74 % sen baixa. En comparación co ano 2020, os partes con baixa diminuíron un -5,43 % (41 menos) e os sen baixa aumentaron un 2,66 % (14 máis). Das EEPP rexistradas, o 41,98 % foron de mulleres, 544 partes comunicados. O 58,02 % dos partes comunicados foron de homes, 752 partes. Nas mulleres, os partes con baixa foron o 42,25 %, 319 partes; nos homes, o 57,75 %, 436 partes. Nas mulleres, os partes sen baixa foron o 41,59 %, 225; nos homes, o 58,41 %, 316 partes.
- No conxunto do Estado recoñecéronse 20 510 EEPP, das cales 9358 foron con baixa e 11 152 sen baixa. En homes recoñecéronse 10 460 (51 %) e en mulleres, 10 050 (49 %). Galicia ocupa o quinto lugar en recoñecemento de enfermidades profesionais con 1292, o 6,30 % do total. No que respecta ao índice de incidencia, Galicia ocupa o oitavo lugar no conxunto do Estado con 129,6, por riba da media estatal que está en 110 casos por cada cen mil persoas traballadoras.

- O sistema CEPROSS conta cun «servizo de alertas» que ofrece a posibilidade de detectar aquelas empresas que superaron os límites de alerta establecidos. É dicir, localiza posibles «focos de risco» de EEPP, para facilitar unha maior eficiencia nas accións preventivas. No ano 2021, 27 empresas superaron en Galicia os límites de sinistralidade, representan o 15,79 % d.as detectadas en España, fronte ás 28 empresas detectadas no 2020. Na clasificación por comunidades autónomas, Galicia é a primeira en número de empresas que superaron os límites de sinistralidade.
- Na clasificación por comunidades autónomas, en cifras absolutas, Galicia é a oitava con máis declaracións de patoloxías non traumáticas, 156 partes no 2021. Galicia ten un 66,02 % de partes comunicados con baixa laboral nas patoloxías non traumáticas, por debaixo da media estatal que se sitúa no 77,45 %. No que respecta aos partes comunicados sen baixa, Galicia ten un 33,98 %, por riba da media estatal que se sitúa no 22,55 %.



comisións obreiras